

EXPEDIENTE:	2022/00019797W
PROCEDEMENTO:	Aprobacións plans e programas (DS)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 6 de xuño de 2022 adoptou o seguinte acordo:

**APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN, MATRÍCULA E EXENCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA OS NENOS E NENAS REFUXIADOS UCRAÍNOS NOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2021-2022**

A proposta é do seguinte teor literal:

**ANTECEDENTES**

Iníciase o expediente arriba indicado co obxecto de propoñer a aprobación do procedemento de admisión, matrícula e exención dos prezos públicos para os nenos e nenas refuxiados ucraínos nos *Servizos de Comedor e Madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do concello de Santiago de Compostela* para o curso 2021-2022.

Consta no expediente informe da directora do Departamento de Educación e responsable do citado contrato, de data 25 de abril de 2022, que di:

*“Beatriz Varela Morales, directora do Departamento de Educación e responsable do contrato denominado “Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela (CON 39/2019), de acordo co establecido no artigo 175 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,*

**EXPÓN:**

**I.- ANTECEDENTES**

1. *A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como o transporte e os comedores escolares. O Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG nº 154, do 13 de agosto), regula o funcionamento dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. A referida norma prevé o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.*
2. *O citado Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG nº 154, do 13 de agosto), establece no Cap I. Artigo 2. Modalidades de xestión do servizo de comedor escolar, apartado:*

*d) Xestión do comedor escolar por administracións públicas distintas da Xunta de Galicia, responsables da contratación e xestión integral do servizo, mediante a suscripción, no seu caso, de convenios de colaboración para tal efecto.*

3. *Dende o curso 2012-13 o Concello de Santiago asinou diversos convenios de colaboración coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para o financiamento do Servizo de comedores en nove centros de Educación Infantil e Primaria: CEIP Apóstolo Santiago, CEIP Ramón Cabanillas, CEIP Cardeal Quiroga Palacios, CEIP Roxos-Villestro, CEIP Monte dos Postes, CEIP Mestre Rodríguez Xixirei, CEIP Fontiñas, CEIP Vite I e CEIP Raíña Fabiola. O convenio vixente entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Santiago de Compostela para a xestión do servizo durante os cursos 2021-2022 e 2022-2023 foi asinado con data de 27 de xullo de 2021*
4. *Para a xestión destes Servizos, o concello de Santiago optou pola xestión indirecta e a tal efecto, con data de 14/08/2019 a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela aprobou o expediente de contratación do servizo de cátering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIP do Concello de Santiago de Compostela, adxudicado en data 23/12/2019 á empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L. (CIF NÚM. B27831783) que comprometeu o prezo por almorzo de 1,76 € e para o xantar en 4,92 €, (IVE excluído en ambos os dous casos). Ademais, nesa mesma sesión, a XGL acordou aprobar os prezos a aboar polas persoas usuarias nos termos seguintes: 1,76 € por almorzo/comensal/día e 4,50 € por xantar/comensal/día.*
5. *O contrato administrativo é de 29/01/2020, con data de inicio das tarefas comprendidas no obxecto do contrato dende o 01/02/2020.*
6. *A Xunta de Goberno Local acordou dar orde de continuidade ao servizo do Servizo de Catering e de Persoal Monitor/ Coidador de Comedor Escolar para os CEIP de Santiago de Compostela (CON/39/2019) mentres non se resolve o proceso de licitación do servizo e ata a formalización do novo contrato -actualmente en preparación e que se prevé adxudicar durante o segundo semestre do ano 2022. A orde de continuidade desenvolveríase consonte ao contrato e aos pregos de cláusulas administrativas e técnicas polas que se adxudicou o servizo á empresa Alimentación Saludable Gallega, S.L. de data de 29 de xaneiro de 2020.*

*O servizo de comedor e madrugadores do Concello de Santiago se rexe pois pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor nos cursos 2021-22 e 2022-2023.*

**PRIMEIRA.** *Para o procedemento administrativo séguense, con carácter xeral, os artigos 163 a 185 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1º de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

#### **SEGUNDA: INCORPORACIÓN DO ALUMNADO REFUXIADO UCRANIANO AOS CEIP DO CONCELLO DE SANTIAGO**

- *Algunhas direccións de centros educativos de infantil e primaria deron traslado ao Departamento municipal de Educación da escolarización de menores refuxiados ucrainos en centros docentes públicos do municipio de Santiago nos últimos días deste curso 2021-22.*

- *A orde PCM/169/2022, de 9 de marzo, pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da protección temporal a persoas afectadas polo conflito en Ucraína, recolle medidas específicas sobre o réxime de protección temporal a este colectivo de xeito que se garanta a mellor atención de xeito rápido e eficaz e de acordo á súa realidade persoal e social nas especiais circunstancias nas que se atopan.*
- *A atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro está determinada no artigo 67 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio. Non obstante a atención educativa ás persoas procedentes de Ucraína debe ter un tratamento máis singularizado dadas as circunstancias que se están a dar nos desprazados que chegan a Galicia .*
- *Tal e como se establece no artigo 10 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, os centros docentes garantirán que a escolarización do alumnado que acceda de xeito tardío ao sistema educativo galego se realice atendendo ás súas circunstancias, ás súas competencias, á súa idade e ao seu historial académico, de maneira que se incorpore ao curso máis adecuado ás súas características e ao seu nivel de competencia, cos apoios oportunos, co fin de continuar con aproveitamento a súa educación.*
- *Co obxecto de favorecer a integración dos refuxiados ucranianos nos centros escolares da comunidade autónoma de Galicia, a Consellería de Educación ten ditado a Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína, desenvolta polas Instrucións do 25 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para facilitar os recursos materiais no ámbito educativo ao alumnado desprazado polo conflito de Ucraína, escolarizado nos centros docentes públicos de niveis non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.*
- *Estas disposicións dítanse para garantir a efectividade do dereito á educación en interés superior do menor mediante a incorporación de procedementos e pautas de actuación para a incorporación áxil e eficaz do alumnado nos centros educativos. As liñas de actuación incorporan pautas pedagóxicas e tamén facilidades de acceso nos servizos complementarios. Así na citada resolución determínase que o alumnado baixo protección temporal polo conflito de Ucraína terá dereito aos servizos complementarios de transporte e comedor escolar dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, con carácter gratuíto.*
- *Tamén de acordo con esa Resolución, a dirección do centro educativo deberá dispor dun procedemento de asesoramento e información ás persoas interesadas a fin de proporcionar unha atención educativa coas maiores garantías de éxito. Neste proceso deberá participar o departamento de orientación, co apoio do profesorado de linguas estranxeiras, se fose o caso.*

- *Considérase importante facilitar a integración dos nenos e nenas refuxiados ucráinos unha vez escolarizados nos centros escolares de educación infantil e primaria. Pola importancia que ten na escolarización e pola función social e educativa que ten o servizo de madrugadores e de comedor escolar entendemos necesario poder establecer un procedemento específico e áxil que permita o acceso destes nenos e nenas, que pasa pola incorporación inmediata daquel alumnado ucráino escolarizado de acordo coas disposicións mencionadas da Consellería mediante comunicación da Dirección de ditos centros, para a súa inclusión no comedor escolar en igualdade de condicións aos seus compañeiros/as, de precisar dito servizo.*

*As Direccións dos CEIP comunicarán ao Departamento de Educación o alumnado que se incorpora aos comedores escolares, cubrindo os formularios, en colaboración cos títos legais de dito alumnado, das solicitudes de comedor escolar. Ditas solicitudes remitiranse ao Rexistro do Concello. Así mesmo, comunicarán ao coordinador xeral do servizo de comedor escolar e ao coordinador/a de centro, o alumnado que se incorpore con fundamento en ditas instrucións, para o seu cómputo na organización do servizo.*

*Para facilitar a integración inmediata destes menores, os servizos de comedor e madrugadores acollerán ao alumnado escolarizado que así lles sexa remitido polas direccións dos centros educativos, aínda que no momento da incorporación todavía non tivesen tramitado a súa solicitude. Este alumnado incorporárase de forma manual nos sistemas de control de asistencia. Por defecto facilitaráselles o menú ordinario, salvo que a Dirección do centro indique que sexa necesaria a prestación dalgunha dieta especial das previstas no servizo.*

### **TERCEIRA: RÉXIME DE PREZOS PÚBLICOS NOS SERVIZOS DE COMEDOR E MADRUGADORES**

- *O réxime de prezos autorizados polo concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022 mantívose nos mesmos prezos públicos que foron aprobados na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2019, que son os seguintes:*

*Prezo do xantar /comensal/día: 4,50 €/día (IVE engadido)*

*Prezo do almuerzo/comensal/día: 1,94 €/día (IVE engadido)*

### **CUARTA. EXENCIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA O ALUMNADO ESCOLARIZADO NOS CEIP DE ACORDO CO PROCESO DE ESCOLARIZACIÓN E ACOLLIDA ACORDADO POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**

- *O alumnado escolarizado baixo as previsións da Resolución conxunta do 15 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, para o proceso de acollida e escolarización do alumnado desprazado polo conflito de Ucraína, desenvolta polas Instrucións do 25 de marzo de 2022, e da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, para facilitar os recursos materiais no ámbito educativo ao alumnado desprazado polo conflito de Ucraína, escolarizado nos centros docentes públicos de niveis non universitarios de*

*titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, contará coa exención dos prezos públicos de comedor e madrugadores aprobados para os servizos de madrugadores e comedores.*

- *Esta exención propónse de acordo co disposto no artigo 44 da Lei de Facendas Locais, segundo a cal, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, poderase fixar o prezo público por debaixo do custe do servizo. Neste caso existe un claro beneficio social e de interese público na facilitación do dereito á educación para o alumnado refuxiado, que se atopa por esa causa nunha situación de vulnerabilidade debido ás propias circunstancias da súa chegada a España. Debe terse en conta ademais que procede de contextos lingüísticos distintos, e polo tanto, lles resulta de utilidade a súa integración en espazos de socialización con outros menores para a adquisición da linguaxe, ao tempo que facilita a conciliación e integración laboral das familias dos alumnos e alumnas escolarizadas.*
- *Conforme ao disposto no citado artigo 44, xa existe a dotación oportuna na aplicación orzamentaria 080 32601 2279900 para dar cobertura á totalidade de gasto comprometido para os servizos complementarios de comedores e madrugadores, e polo tanto dita medida non precisa de ulterior cobertura orzamentaria.*
- *De acordo coas instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Centros, a Dirección dos centros educativos nos que o Concello preste os servizos de comedor e madrugadores facilitará a relación de alumnado escolarizado de acordo con ditas instrucións para a aplicación das exencións e a eficacia do dereito á gratuidade establecida para a prestación inmediata do servizo a este alumnado”.*

Para o procedemento administrativo séguense, con carácter xeral, os artigos 163 a 185 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1º de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar o procedemento de admisión, matrícula para os nenos e nenas refuxiados ucraínos nos *Servizos de Comedor e Madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022 (CON 39/2019)*, detallados nesta proposta.

**SEGUNDO:** Aprobar a exención de pago dos prezos públicos vixentes, recollidos no acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2019, para o alumnado refuxiado ucraíno escolarizado nos CEIP nos que o Concello de Santiago de Compostela presta os servizos de madrugador e comedor, nas

condicións establecidas nesta proposta. Os gastos derivados desta esención serán por conta do concello de Santiago con cargo á aplicación 080 32601 2279900

---

A Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** Aprobar o procedemento de admisión, matrícula para os nenos e nenas refuxiados ucraínos nos *Servizos de Comedor e Madrugadores na rede de centros públicos de educación infantil e primaria do concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022 (CON 39/2019)*, detallados nesta proposta.

**SEGUNDO:** Aprobar a exención de pago dos prezos públicos vixentes, recollidos no acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de decembro de 2019, para o alumnado refuxiado ucraíno escolarizado nos CEIP nos que o Concello de Santiago de Compostela presta os servizos de madrugador e comedor, nas condicións establecidas nesta proposta. Os gastos derivados desta esención serán por conta do concello de Santiago con cargo á aplicación 080 32601 2279900

---